



D. SANTIAGO AMOR BARREIRO

Alcalde

CONCELLO DE AMES

Asunto: Cobro de anualidades atrasadas das taxas do lixo á veciñanza rural.

O Concello de Ames está remitindo unha carta a todos os edificios da zona rural baixo o epígrafe: *Notificación de trámite de audiencia e proposta de regulación*, co obxecto: *Taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana*. Nesta carta sinálase unha "omisión do padrón municipal da taxa" referida ao seu inmovible, que pode estar afectado tanto pola xestión do Imposto de Bens Inmóbeis como do Imposto de Actividades Económicas. Sobre esta base fáiselle unha "proposta de liquidación e regularización da súa situación tributaria", proposta que oscila entre os 200 e os 400 € para unha vivenda, referido ao conxunto dos tres anos (2009, 2010, 2011), sendo superior no caso de inmóbeis con actividade económica.

O goberno pretende cobrar tres anualidades xuntas sen que os afectados tivesen información previa da súa obriga. A normativa indica que a prestación deste servizo, xestión do lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos, é de "recepción obrigatoria". O problema é que ata o momento non se lles cobrou e de repente pretenden cobrar o máximo que lles permite a lexislación, os tres anos xuntos. *Ames Novo* entende que toda veciñanza debe pagar os impostos que lles corresponden, e considera que os habitantes do rural deben pagar igualmente pola recollida do lixo, como o conxunto da cidadanía. Pero a pretensión de cobrar tres anualidades pasadas sen ter coñecemento previo vai contra os principios da boa administración; non se pode facer cargo aos administrados, á xente do rural, duns atrasos que non son responsabilidade súa.

Por todo o sinalado *Ames Novo* SOLICITA:

- * **que o Concello renuncie a cobrar as anualidades atrasadas (2009, 2010, 2011) dado que os cidadáns non foron os responsables da falta de liquidación da taxa do lixo;**
- * **que a partir do ano 2012 se cobre universalmente esta taxa, aproveitando a revisión do padrón feita de cara á súa regularización;**

No caso de non aceptar a proposta anterior, **Ames Novo solicita que se lles facilite aos afectados o máximo posible o pago e non se cobren xuros polo seu fraccionamento**, dado que non foi responsabilidade súa. En concreto, propoñemos que se estableza unha fórmula xeral contemplada pola propia ordenanza fiscal para outros casos: o pago fraccionado de ata 18 meses, que podería ser aplicada excepcionalmente neste caso. Tamén solicitamos que esta opción de fraccionamento sen xuros se comunique directamente ás persoas afectadas.

Ames 5 de maio de 2012

Asdo. Pilar Candocia Pita

Concelleira de Ames Novo